


Plan de Acción Titorial



Curso 2006/2007

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. OBXECTIVOS XERAIS

3. SECUENCIACIÓN DE OBXECTIVOS E ACTIVIDADES POR ETAPAS E CICLOS

3.1. EDUCACIÓN INFANTIL

3.2. EDUCACIÓN PRIMARIA: 1º Ciclo.

3.3. EDUCACIÓN PRIMARIA: 2º Ciclo.

3.4. EDUCACIÓN PRIMARIA: 3º Ciclo.

4. AVALIACIÓN DA TITORÍA.

Metodoloxía da avaliación.

1- INTRODUCCIÓN

Este plan de acción tutorial enmarcarase no plan de acción do departamento de orientación deste centro segundo establece o decreto 120/96 polo que se regula a orientación educativa en Galicia (23 do 4 do 98, D.O.G. do 27 do 4 do 1998) e no regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación infantil e dos colexios de educación primaria, título III, capítulo V, artigos 80 e 81.

Estará integrado no P.C.C. e recollido polo plan anual do centro, polo que constituirá unha liña de referencia para todo o profesorado.

Entendemos que a orientación escolar debe ir dirixida a tódolos alumnos, non só a aqueles que teñan dificultades na súa aprendizaxe. É necesario que cumpra os principios de prevención, desenvolvemento e intervención social.

O titor é a persoa encargada de orientar e aconsellar ós alumnos dun curso, é o profesor principal da aula.

As funcións tutorial e instructiva deben desenvolverse en paralelo e coa mesma intensidade.

O titor debe potenciar unha serie de actitudes e valores que permiten ó neno comportarse socialmente con madurez, autocontrol e autonomía persoal.

A tutoría non é unha acción illada, senón unha acción colectiva e coordinada que implica a tódolos profesores e en especial ós titores. Debe intervir naqueles sectores que inciden no contorno escolar alumnos, familias, profesores. Tamén o titor coordinará as contribucións do resto de profesionais que interveñen na educación: profesores, psicólogos, pedagogos, diplomados sociais, médicos, etc.

Todo profesor na súa acción docente ten que exercer tarefas de guía e de orientación. Sen embargo a función tutorial de cada grupo de alumnos debe ser asignada a un profesor determinado.

O modelo organizativo no noso centro:

Na aula e co grupo de alumnos, a función tutorial corresponde a tódolos profesores e en particular ó profesor titor.

No centro a responsabilidade de organización da acción tutorial é do equipo directivo (dirección e xefatura de estudos) así como dos coordinadores de ciclo.

O departamento de orientación dará apoio ó titor para que este non se atope só nesta inmensa tarefa. No sistema escolar coas unidades de equipo interdisciplinar do sector, en coordinación con outros servicios e programas.

Dadas as características do centro (ve-lo P.C.C. do centro).

Por tratarse este dun centro con niveis tan só de educación infantil e primaria as funcións nas que nos centramos son:

- Integración e inserción do neno no grupo – clase e dinámica escolar.
- Adaptación escolar inicial.
- Coordinación e seguimento do proceso de avaliación.
- Intervir no proceso de ensino – aprendizaxe.
- Prevención de dificultades de aprendizaxe.
- Hábitos e técnicas de estudo.
- Fomento da tolerancia e convivencia no centro.
- Vinculación da escola coa familia.

Coa aplicación deste P.A.T. **pretendemos** que:

- Exista a unificación de criterios entre o profesorado.
- Que a acción titorial non sexa unha tarefa puntual senón que se trate dun proceso continuo.
- Ter como obxectivo o desenvolvemento persoal do alumno.
- Responder á heteroxeneidade das aulas. Atención á diversidade.

2- OBXECTIVOS XERAIS

I. Para os alumnos

- INTEGRACIÓN no grupo – clase dinámica escolar.
 - Crear un clima positivo de confianza e comunicación.
 - Ter unha visión da estrutura do grupo clase.
 - Organizar e distribuír responsabilidades conseguindo a funcionalidade básica dos responsables participando tódolos alumnos.
 - Establecer de forma conxunta as “normas” e as consecuencias que se deriven do seu cumprimento.
 - Crear un clima no grupo que permita desenvolver con normalidade as tarefas ordinarias.
 - Vivi-la clase e o centro como algo seu.
- Desenvolvemento das ACTITUDES PARTICIPATIVAS no centro e no contorno sociocultural.
- Contribución á personalización dos procesos de ENSINO - APRENDIZAXE e organización e funcionamento do grupo – clase.
 - Destaca-la importancia da motivación.
 - Mellora-la actitude ante o estudio.
 - Coñecer e valora-las condicións ambientais e os factores persoais que incidan na aprendizaxe.
 - Analiza-la distribución do tempo na planificación do estudio.
- Aplicación de HÁBITOS DE TRABALLO E TÉCNICAS DE ESTUDIO. Adquisición e mellora dos hábitos de traballo.
 - Comprender que é o estudio.
 - Aplicar este procedemento de forma autónoma e voluntaria.
 - Desenvolve-la súa capacidade de autoavaliación ante o estudio.
 - Valorar ditas técnicas como procedementos para realiza-lo seu traballo diario.
 - Aprender a planificar: aproveitando o tempo, coidando a orde, analizando as prioridades antes de actuar.
 - Desenvolvela responsabilidade no traballo persoal, nos exercicios dos seus dereitos e deberes, tanto individualmente como en grupo.
- Coordinación e seguimento do proceso de AVALIACIÓN.
 - Detecta-las habilidades do alumno. As dificultades de aprendizaxe e as N.E.E.
 - Avalia-lo que sabe face-lo alumno respecto ás capacidades establecidas no currículo, determinando o tipo e grao de aprendizaxe alcanzado.
 - Adecua-lo proceso de aprendizaxe ás características de cada alumno e ó seu contexto.

- Favorece-la maduración e **ORIENTACIÓN**. Desenvolvemento persoal e adaptación escolar.
 - Desenvolver unha autonomía progresiva na realización das actividades.
 - Coñecer, valorar e respecta-las distintas formas de comportamento.
 - Investiga-lo contorno: manifestacións culturais, profesionais, roles...
 - Colaborar na planificación e realización das actividades do grupo, acepta-las normas respectando os distintos puntos de vista e asumindo as responsabilidades que lle correspondan.
 - Fomenta-la mellora da autoestima e autoconcepto.

- Profundar na **TOLERANCIA E CONVIVENCIA NO CENTRO**.
 - Fomentar actitudes de tolerancia e respecto cara ós demais. Tomar conciencia dos graves problemas e desigualdades sociais existentes tomando actitudes críticas.
 - Potencia-la capacidade expresiva e comunicativa.
 - Potencia-lo desenvolvemento das relacións e vínculos afectivos.
 - Favorece-lo desenvolvemento da identidade persoal e a autonomía.
 - Aplicación de técnicas de dinámica de grupos.
 - Atención ós alumnos con N.E.E. e con desvantaxe por razóns socioculturais.

II. Respecto ós demais profesores

- Coordina-lo proceso avaliador desenvolvido polos profesores do seu grupo clase, así como, uni-la información acerca de cada alumno que posúan os profesores.
- Liña común de acción no marco do P.A.T.
- Coordinación co equipo docente nas respostas ás dificultades de aprendizaxe mediante reforzos educativos ou adaptacións curriculares.

III. Respecto ós pais

- Contribuír ó establecemento dunhas relación fluídas cos pais, nais, tutores. Facilitando a conexión familia – centro.
- Implicar á familia en actividades de apoio e orientación dos seus fillos.
- Informar, asesorar e orientar ós pais en todos aqueles asuntos que afecten á educación dos seus fillos.

SECUENCIACIÓN

DE OBJETIVOS

E ACTIVIDADES

POR ETAPAS E

CICLOS

- -Fomenten a intercomunicación a través do xogo dirixido, utilizando materiais (corda, pelota...), ou realizando xogos concretos (galiña cega, corro, escondite...) que faciliten a comunicación verbal e non verbal cos compañeiros/as.
- -Escenificar situacións a proposta dos nenos ou do profesor, tratando de diminuí-lo papel de director do xogo deste último
- -Contar contos, adiviñas, chistes os propios nenos/as respectando ós demais e fomentando a colaboración entre todos.
- -Realizar traballos grupais: colaxe, murais, cómics...
- -Debuxarse sobre o papel a tamaño real (a silueta) e facer comentarios positivos.
- -Traer de casa obxectos, poñelos en común e organizar xogos, festas...
- -Favorece-la integración na aula, a través dun bo equilibrio persoal, emocional e de comportamento xeral, que lle axude a sentirse seguro na nova situación escolar.
- -Realizar aproximacións ó neno por parte da profesora, establecendo contactos visuais, sorrisos, palmadiñas, que resulten ó neno/a gratificantes e lle axuden a sentirse seguro.
- -Realizar actividades en espazos libres con espontaneidade, a través do xogo e outras situacións agradables facendo aproximacións progresivas ás actividades de “mesa”.

1.2 Acollida de Inmigrantes

Obxectivos

- Facilitar a integración do alumnado extranxeiro evitando o seu illamento inicial ou nos tempos de lecer.
- Tratar de resolver as dificultades iniciais de comunicación.
- Facilitar a comprensión das tarefas escolares que debe realizar.
- Orienta-lo sobre o funcionamento do centro: horarios, material de traballo, dependencias e espazos.
- Facilitar a integración e dinámica da clase con persoal de apoio nos casos necesarios

Actividades

- Informar sobre a comunidade que os acolle: costumes, comidas, horarios de traballo, etc.
- Crear situacións de comunicación en toda a comunidade escolar.
- Facer que ó alumnado inmigrante sexa protagonista e dea a coñecer a súa cultura.
- Informar das actividades extraescolares e fomentar a participación de todos.
- Utilizar na aula algunhas referencias da linguaxe de orixe estranxeira, como son os saúdos, as despedidas, expresións e frases feitas.

2.-HÁBITOS DE TRABALLO

Obxectivos

- Facilita-la adquisición de hábitos de autonomía e autocoidado, preferentemente a nivel de aseo, vestido e comida.

Actividades

- Promove-la experimentación no/na neno/a, a través de:
- A súa relación cos obxectos e materiais de aula e contorno, facendo que usen tódolos materiais posibles no centro para sentilo como algo propio.
- Utilización colectiva de material, fomentando o cooperativismo en actividades e o uso do material en común.
- Establecer espazos para cada neno/a: percha, colocación do material, situación na aula... para fomenta-lo respecto ós demais nos seus materiais e propiedades.
- Axudar á adquisición de hábitos de autonomía e autocoidado:
- Desenvolvendo destrezas e habilidades co vestido: poñer – quitar roupa, abrochar – desabrochar, subir e baixar escaleiras, atar e desatar...
- Traballando a limpeza da roupa e aseo en xeral: mans, cara, vestido...
- Colaborando na orde e aseo da clase (recoller y ordenar cadeiras, material, papeis...).

3.- AVALIACIÓN

Obxectivos

- Coñece-las características do neno/a, nos seguintes niveis:
- Persoal: físico, psicolóxico, pedagóxico...
- Familiar.
- Socioambiental.
- Realiza-la observación sistemática das condutas manifestadas polo escolar.

Actividades

- Observar (non axuizar nin valorar) as condutas manifestadas polo neno/a de tipo motorico e emocional na medida do posible.
- Observación sistemática en diferentes actividades.
- Cumprimentación da carpeta ou ficha de seguimento do alumno/a.
- Aportar a fin de curso un consello orientador globalizado de cada neno que se facilitará ó titor/a do curso seguinte.

4.-TOLERANCIA E CONVIVENCIA NO CENTRO

Obxectivos

- Desenrolar habilidades de relación, expresividade, sensibilidade, axuda e convivencia cos demais.
- Adoptar unha actitude positiva na resolución de problemas cotiás.
- Fomenta-la relación de todos os alumnos sen discriminación entre eles.

Actividades

- Saudar a tódalas as persoas que se incorporen a clase
- Dar as grazas, pedir por favor e desculparse.

- Realizar actividades de xogo colectivo que favorezan a relación (roldas, por parellas,...)
- Compartir material propio e común.
- Desenvolve-los conflitos dunha forma cooperativa
- Realizar actividades de grupo e gran grupo
- Dramatización de sentimentos en distintas situacións.

PROFESORES

Obxectivos

- Manter unha liña común de acción no marco do P.A.T.
- Coordinación co equipo docente que incide nese grupo – clase para dar resposta ás dificultades de aprendizaxe que se poden detectar nalgún alumno.

Actividades

- Reunión do titor co equipo directivo.
 - Comenta-la información.
 - Entrega dos resultados.
 - Análise dos mesmos.
 - Adecua-los recursos educativos socioculturais ás características individuais dos alumnos.
- Reunión cos demais profesores da aula.
- Comenta-la información. Profundar para valora-las dificultades de cada alumno e buscar solucións.
- Unir criterios sobre obxectivos, actividades e materiais.
- Redactar informes para os profesores do curso seguinte.
- Elaborar, revisar e modificar en coordinación co equipo educativo de nivel, ciclo e centro o P.A.T.
- Colaborar cos demais profesores na revisión e modificación dos obxectivos, actividades e metodoloxía en tódalas materias que están no P.C.C. do centro.
- Transmitir ó resto de profesores aquela información que lle pode ser útil para o desenvolvemento do seu labor.

PAIS

ACOLLIDA

Obxectivos

- Informar e poñer en contacto ós pais sobre a organización e funcionamento do centro e a tutoría do seu fillo/a.

Actividades

- Información do Proxecto Educativo de Centro (P.E.C.).
- Presentación dos principais obxectivos do Proxecto Curricular (P.P.C.) da educación infantil
- Xustificación do material necesario para o desenvolvemento da aprendizaxe dos alumnos/as.

- Comentarios e orientacións sobre os hábitos de alimentación, vestido, sono e horarios adecuados á idade dos seus fillos/as.
- Informar sobre a importancia da intercomunicación familia – centro, para lograr unha adecuada colaboración á consecución dos obxectivos educativos propostos.

AVALIACIÓN

Obxectivos

- Coñece-las características xerais familiares e persoais nun contacto inicial.
- Coñece-la avaliación do alumno no proceso educativo da aula.

Actividades

- Proporcionar un cuestionario – normalizado para que as familias o cubran, facilitándonos importantes datos do alumno (de tipo evolutivo, familiar, social), a fin de recolle-la maior información posible de cada alumno/a.
- Proporcionar unha información suficiente sobre o desenvolvemento do alumno na aula en tódalas súas facetas principais:
- A través de información persoal directa.
- A través de informe escrito.

3.2 EDUCACIÓN PRIMARIA 1º ciclo

ALUMNOS

INTEGRACIÓN.

Plan de Acollida

Obxectivos

- Acoller ós alumnos e favorece-la súa integración no grupo.
- Axudar ó alumno a coñecer ós seus compañeiros/as e ó seu profesor/a.
- Facilitar ó alumno o coñecemento do seu novo contorno escolar.
- Fomenta-la dinámica de integración no grupo.

Actividades

- Realizar unha entrevista cos pais antes de comeza-lo curso (1ª quincena de setembro).
- Realizar carteis para da-la benvinda á clase e facer a clase máis acolledora.
- Realizar xogos de autopresentación.
- Ex.: collidos da man cada alumno di: chámome X e gústame X...
- Repartir chapas co nome de cada neno.
- Realizar xogos como: galiñiña cega, corro, escondite, escenificacións.
- Realizar un paseo polo centro para ensinar ó alumno as distintas dependencias.

Acollida de Inmigrantes

Obxectivos

- Facilitar a integración do alumnado estranxeiro evitando o seu illamento inicial ou nos tempos de lecer.
- Presentalo a outros compañeiros/as, profesorado, persoal non docente, etc.
- Orientalo sobre o funcionamento do centro: horarios, material de traballo, dependencias e espazos.
- Procurar dar un bo modelo lingüístico:
- Non debemos falar xesticulando ou gritando
- Facer frases sinxelas, pronunciando pouco a pouco e con claridade
- Non falar nunca telegraficamente nin simplificando ou alterando as frases para facilitar a comprensión.
- Procurar a comprensión das demandas e das ordes diarias: asegurarnos de que nos entenden e que se fan entender.

- Intentar que as súas frases sexan correctas e non ser permisibles na súa construción pensando que xa fan bastante esforzo en intentalo.
- Coidar os aspectos da pronunciación
- Coñecer e definir o vocabulario e as estruturas básicas da linguaxe acordes á súa idade.
- Iniciar a lectura e a escritura

Actividades

- Informar sobre a comunidade que os acolle: costumes, comidas, horarios de traballo, etc..
- Facer que o alumnado inmigrante sexa protagonista e dea a coñecer a súa cultura
- Realizar xogos de autopresentación.
- Organizar un paseo polo centro para ensinar ao alumnado ó colexio.
- Elaborar e preparar carteis indicativos das distintas dependencias do colexio.
- Realizar xogos didácticos asociando unhas regras que den pé á verbalización de estruturas lingüísticas mínimas e de vocabulario.
- Comprensión e emprego de mensaxes orais.
- Discriminación de vocais.
- Pronunciación dalgúns sons consonánticos, por exemplo: b/p, c/z/s,...
- Realizar xogos coas letras do abecedario.
- Facer palabras a partir de letras dadas.

HÁBITOS DE TRABALLO E TÉCNICAS DE ESTUDIO

Obxectivos

- Adquirir os hábitos posturais adecuados.
- Afianzar o uso e coidado do material escolar.
- Potenciar os hábitos de limpeza e autocoidado.
- Manexo adecuado do instrumental e destreza caligráfica.

Actividades

- Manter posturas adecuadas (costas apoiadas no respaldo da cadeira, distancia adecuada da cabeza ó papel, posición da man sobre o papel, pés no chan, ...).
- Colocar correctamente o material escolar sobre a mesa (libros, causelas, ...).
- Coidado do material (non morder lapis, tapa-lo pegamento, recoller material común, non dobrar puntas de libros e cadernos, ...).
- Coidado persoal (de roupa, mans, cabeza, ...).
- Hábitos alimenticios adecuados.
- Hábitos de sono (polo menos 9 horas.).
- Posicións adecuadas dos elementos que interveñen no proceso grafomotriz (posición do cóbado, ombro, tronco, apoio do pulso).
- Pinzado adecuado do lapis.
- Posición correcta do papel.
- Tamaño e forma das letras adecuado.
- Separación entre as palabras.
- Marxes adecuadas.

Lectura Eficaz

Obxectivos

- Adquirir unha fluidez lectora.
- Comprensión e emprego de mensaxes orais.
- Perfecciona-la lectura comprensiva.
- Potenciar a atención e a memoria.
- Comprender diferentes tipos de mensaxes orais e escritos, relacionándoos coas súas experiencias e aplicándoos a os novos procesos de aprendizaxe.
- Expresarse oralmente e por escrito con coherencia, corrección e creatividade.
- Ler con fluidez e comprensión valorando a lectura como fonte de pracer, diversión e aventura.
- Coñecer e utilizar o léxico adecuado ás necesidades de comunicación e aprendizaxe.

Actividades

- Lectura de imaxes e secuencias.
- Comprensión de textos breves (profundizando en comprensión e vocabulario)
- Poñer en marcha o método de lecturas repetidas (é unha lectura conxunta simultánea profesor-alumno dun texto en voz alta. Tamén se coñece como “Lectura En Sombra” ou “Asistida”).
- Darlle uns obxectivos e unhas frases incompletas que teñen que encher.
- Darlle unha ilustración para que diferencien letras parecidas pero non iguais.
- Localizar erros nunha ilustración
- Realizar tarefas de emparellamento de letras
- Unir sílabas para formar palabras
- Ordenar palabras para formar frases
- Realizar sopas de letras

Proxecto de activación da intelixencia

Obxectivos

- Traballar especialmente a percepción no seu aspecto fondo – figura.
- Traballar especialmente a percepción no seu aspecto de constancia da forma.
- Traballar a percepción, especialmente no aspecto de peche
- Traballar esencialmente á atención
- Traballar a memoria
- Traballar especialmente o pensamento no seu aspecto de coherencia
- Traballar especialmente o pensamento relacional
- Traballar o pensamento analóxico
- Traballar especialmente o pensamento no seu aspecto deductivo
- Traballar os atributos diferenciais das cousas
- Traballar especialmente a linguaxe comprensiva
- Traballar especialmente a estruturación espacial

- Traballar especialmente a estruturación espacial na lateralidade
- Traballar especialmente a orientación espacial
- Traballar especialmente a estruturación espacial no seu aspecto de orientación.
- Traballar especialmente a secuenciación temporal.
- Traballar especialmente a creatividade
- Traballar especialmente os sentimentos

Actividades

- Encaixar pezas nun rompecabezas
- Darlles unha fotografía ou debuxo onde aparezan persoas, animais, obxectos,... en diferentes planos. Os nenos terán que dicir cal está en primeiro plano, nun plano máis lonxano,...
- Nunha conversa gravada identificar os sons que se producen de fondo
- Darlles unha lámina que conteña debuxos iguais e distintos, terán que relacionar os que sexan iguais aínda que se vexan desde lugares distintas.
- Darlles frases desordenadas. Terán que dicir que palabras cambiaron de orde.
- Buscar ruídos e expresalos por escrito, tamén olores agradables e desagradables e despois que os debuxen.
- Describir debuxos e selecciónalos correctamente.
- Reflexionar sobre as características das palabras nunha mesma familia conceptual. Exp.: taburete, cadeira.
- Darlles unha ilustración onde aparezan tres columnas de debuxos . Terán que unir cunha liña os elementos ou as situacións de cada columna que estean máis relacionadas.
- Relacionar diversas palabras con un ou con algúns dos cinco sentidos.
- Comparar cualidades de cousas diversas, ou de sentimentos.
- Buscar semellanzas e diferenza entre diferentes obxectos.
- Darlles unha ilustración con diversos personaxes, terán que colorear aqueles que non leven por exemplo unha capa azul.
- Xogar as adiviñas, especialmente aquelas que indiquen algunha negación. Exemplo: “Oro parece, prata no es” .
- A partir dunha palabra dada, terán que construír catro frases distintas con ela .
- Darlles unha ilustración con uns debuxos de animais ou de cousas, terán que ir relacionando os obxectos, animais....de forma que cada vez se diferencien nunha soa característica.
- Establecer diálogos sobre os rasgos específicos de cousas moi sinxelas.
- Contar pequenas historias, comprendéndoas.
- Realizar actividades do tes Böenh onde aparezan as seguintes nocións espaciais: arriba – abaixo, encima – debaixo, entre – arredor, a un lado – a outro, dentro – fora, esquerda – dereita, etc.
- Xogar a: esta é a miña man dereita, ollo esquerdo,...
- Botar un balón coa man dereita, despois coa esquerda.
- Nunha fila india dicir quen vai primeiro, último, no medio, etc.
- Verbalizar o que fixemos antes, que estamos facendo agora e que faremos despois.
- Comparar a hora do reloxo e a luz do día.
- Ordenar viñetas.
- Relatar experiencias de cando eran pequenos ou cousas que fagan os seus familiares (pais, avós,...).
- A partir de dúas, tres palabras ou dunha frase dada, os nenos divididos en grupos desenrolaran a idea que a frase ou as palabras lles suxira.

- Inventar unha historia a partir dun debuxo.
- A partir dun personaxe dun cómic, explicar porque esta triste, alegre,...e buscar alternativas para deixar de estar nese estado de animo.
- Proponer adiviñas sobre o corpo humano.Exemplo: Cando van cara a casa miran cara afora, e cando saes afora miran cara a casa: os talóns.

AVALIACIÓN

Obxectivos

- Coñece-las características persoais, familiares, ambientais, escolares, ... de cada un dos nosos alumnos.
- Comprobar que o neno/a ten un nivel aptitudinal adecuado para a aprendizaxe da lectoescritura antes de inicia-lo proceso.
- Observar de maneira progresiva e sistemática as diferentes conductas, riscos, aprendizaxes dos nosos alumnos/as.
- Evitar comparacións entre os resultados obtidos por diferentes alumnos.

Actividades

- Realizar avaliacións de aptitudes básicas para a aprendizaxe.
- Observar ós alumnos en diferentes actividades utilizando para elo cuestionarios, inventarios, escolas de rexistros de observación.
- Engadir información á carpeta expediente iniciada en educación infantil.
- Aportar ó finaliza-lo curso un consello orientador globalizado de cada neno que facilitará ó titor do curso seguinte o seu labor, podendo así abordar máis rapidamente as dificultades existentes.

FOMENTO DA TOLERANCIA E CONVIVENCIA NO CENTRO

Habilidades sociais

Obxectivos

- Identificar a existencia dun problema.
- Describir unha situación – problema.
- Xerar alternativas de comportamento nunha situación de conflito interpersonal.
- Anticipar posibles consecuencias dun comportamento social.
- Tomar decisións.
- Planificar unha estratexia de actuación.

Actividades

- Nomear a persoa que nunha situación dada, ten un problema

- Expresar a existencia dun problema pola manifestación de sentimentos das persoas afectadas.
- Relacionar os sentimentos de vergoña cunha situación de interacción social que conleva un xuízo de valor sobre a conducta.
- Relacionar os sentimentos de medo e unha situación de inseguridade ante a natureza dunha próxima situación de interacción social.
- Indicar diversas formas de actuar para rematar cos sentimentos adversos manifestados nunha situación de interacción social.
- Agrupar as formas de actuación indicadas en diferentes clases e nomear as dunha mesma clase.
- Indicar de xeito claro e concreto as consecuencias inmediatas para si mesmo e para outros de cada unha das alternativas de comportamento.
- Descartar como unha boa solución a un problema de interacción social aquela coa que produce un dano ou prexuízo a outros, a curto ou longo prazo.
- Elixir como mellor solución a un problema de interacción social aquela coa que se espera obter maior beneficio.
- Responder as seguintes preguntas: ¿Que vou face primeiro?, ¿Que vou facer despois?, ¿como o vou facer? .

Autoestima

Obxectivos

- Estar relacionado cos amigos.
- Sentirse membro necesario e importante na familia, na escola e cos amigos.
- Sentirse importante para os demais.
- Identificarse co grupo.

Actividade

- Cambiar determinadas frases: “Ti non vales para nada”, “Esa é a túa opinión”.
- Non pretender ser como os demais.
- Cambiar esquemas: “ Non sirvo para nada”, “Todo me sae mal”, “Son un desastre”,
- Facer unha lista de pensamentos positivos, cando fagas algo ben felicítate.
- Concienciar a familia do importante que é a súa participación no colexio e tamén da importancia que ten o “efecto pigmalión positivo”.

PROFESORES

Obxectivo

- Coordina-lo proceso avaliador desenvolvido polos profesores do seu grupo – clase, así como, uni-la información acerca de cada alumno que posúan os profesores.
- Manter un liña común de acción no marco do P.A.T.
- Coordinación co equipo docente nas respostas ás dificultades de aprendizaxe mediante reforzos educativos, adaptacións curriculares ou diversificacións curriculares.

Actividades

- Reunión do titor co equipo directivo.
- Comenta-la información.
- Entrega dos resultados.
- Análise dos mesmos.
- Adecua-los recursos educativos socioculturais ás características individuais dos alumnos.
- Reunión cos demais profesores da aula.
- Comenta-la información. Profundar para valora-las dificultades de cada alumno e buscar solucións.
- Fixa-los criterios de avaliación.
- Unir criterios sobre obxectivos, actividades e materiais.
- Redactar informes para os profesores do curso seguinte.
- Elaborar, revisar e modificar en coordinación co equipo educativo de nivel, ciclo e centro o P.A.T.
- Colaborar cos demais profesores na revisión e modificación dos obxectivos, actividades e metodoloxía en tódalas materias que están no P.C.C. do centro.
- Transmitir ó resto de profesores aquela información que lle pode ser útil para o desenvolvemento do seu labor.
- Coordinar e moderar (xunto co xefe de estudos) as sesións de avaliación.

PAIS

Obxectivos

- Contribuír ó establecemento dunhas relacións fluídas cos pais, nais, titores. Facilitando a conexión familia – centro.
- Implicar á familia en actividades de apoio e orientación dos seus fillos.
- Informar, asesorar e orientar ós pais en todos aqueles asuntos que afecten á educación dos seus fillos.

Actividades

- Reunións periódicas.
- Entrevistas individuais a petición do titor ou dos pais.
- Intercambio de información.
- Explicación da programación.
- Informar sobre o proceso de avaliación e comenta-los resultados.
- Organización persoal do traballo do seu fillo.
- Tempo libre e de descanso.

Colaboración en actividades extraescolares.

Visitas planificadas.

- Excursións.
- Festexos.

Coordinar grupos de discusión sobre temas formativos de interese para os seus fillos.

Realizar unha reunión grupal por trimestre.

3.2 EDUCACIÓN PRIMARIA 2º ciclo

ALUMNOS

INTEGRACIÓN.

Plan de acollida

Obxectivos

- Xornada de acollida:
 - Chegada, contacto inicial.
 - Presentación de profesores.
 - Regulamento de réxime interno.
 - Elección de delegados de clase.
- Facilitar ó alumno a integración no seu grupo/clase: cos seus compañeiros e co seu profesor.

Actividades

- Presentación no gran grupo mediante xogos.
Ex.: Todos collidos da man presentámonos dicindo: Chámome X e gústame...
- Elaboración e presentación de carteis con debuxos referentes ás normas.
- Elixir delegado que será tamén o encargado da clase en diferentes tarefas (buscar folios , repartir...) procurando cambialo cada período de tempo para que participen todos.
- Facer xogos de grupo sendo o grupo flexible.
- Elaborar sociogramas (un por trimestre para ve-la evolución).
- Facer debates procurando respecta-las normas.

Integración de inmigrantes

Obxectivos

- Proporcione o alumno que acaba de chegar unhas pautas de traballo e unhas normas de convivencia e comportamento, aínda que as vaia incorporando pouco a pouco.
- Dar a coñecer os espazos da aula e os de uso común do centro.
- Facer que o grupo clase sexa o lugar prioritario para a súa integración social e afectiva, ao tempo que todos se enriquecen cos valores persoais e culturais do novo compañeiro/a.
- Buscar a comunicación dende o primeiro momento, dirixíndonos a eles con mensaxes claros e contextuais, axudándonos de gráficos, imaxes ou algún xesto.
- Preparar o grupo clase falándolle do novo compañeiro/a, explicando a súa orixe, nacionalidade e estimulando a acollelo dun xeito o mais positivo posible.

Actividades

- Informar sobre o país ou países de procedencia do alumnado inmigrante: costumes, relixión, cultura.
- Utilizar na aula algunhas referencias da lingua de orixe estranxeira, como son os saúdos, as despedidas, expresións e frases feitas.
- Programar charlas na aula.
- Ver e comentar cintas de vídeo relacionadas cos países de orixe.
- Ver a situación xeográfica.

HÁBITOS DE TRABAJO E TÉCNICAS DE ESTUDIO

Obxectivos

- Reforza-la adquisición de bos hábitos posturais.
- Afianza-lo uso e coidado do material escolar.
- Potencia-los hábitos de limpeza, coidado corporal e alimentación.
- Desenvolver habilidades para mellora-la expresión e comprensión oral e escrita.
- Fomentar hábitos de responsabilidade ante as tarefas escolares.
- Favorecer e reforzar actividades de experimentación e creatividade despertando así o seu interese pola creación e integrándoos no seu medio natural.

Actividades

- Manter posturas adecuadas: costas apoiada, man sobre o papel.
- Ordena-lo material escolar: xogo e estudio separados.
- Ter unhas condicións de luz, temperatura... adecuadas para o traballo persoal.
- A través dos contidos transversais traballar con vídeos, fichas... a limpeza, coidado persoal e alimentación.
- Subliñado dirixido.
- Actividades de comprensión.
- Resumes orais e escritos de textos adecuados á idade.
- Descricións orais e escritas.
- Esquemas sinxelos.
- Redaccións.
- Elaborar horario propio organizando o tempo de estudio ou de lecer.
- Elaborar murais tanto para decoración da clase ou colexio como para axudalos a coñece-lo seu contorno.

Lectura Eficaz

Obxectivos

- Ler con fluidez e comprensión, valorando a lectura como fonte de pracer, diversión e aventura, e como vía de formación, información, ampliación de experiencias e un medio de recuperación, perfeccionamento e enriquecemento da lingua.

- Construír a través do emprego da lingua e da lectura a propia personalidade, desenvolvemento da sensibilidade estética e exercitando a creatividade.
- Utilizar a linguaxe escrita como instrumento para a comprensión do mundo que o rodea.
- Mellorar a capacidade lectora e a precisión do campo visual.
- Desenrolar a relación velocidade-comprensión.
- Coñecer e empregar o léxico adecuado as necesidades de comunicación e aprendizaxe, avanzando na súa ampliación.

Actividades

- Lecturas silenciosas e en voz alta
- Actividades de comprensión lectora: orais e escritas.
- Execución de exercicios de sinónimos e antónimos.
- Ordenación de palabras para formar oracións.
- Ordenación secuenciada de frases para reconstruír un texto.
- Lectura de textos onde falta a parte inferior.
- Suliñar e contar nunha lista de palabras que sexan iguais a unha dada.
- Reconstruír palabras con letras desordenadas.
- Dada unha palabra inventar outras, quitando letras sen engadir ningunha nova.
- Recoñecer erros nun texto escrito
- Ler correctamente textos, tendo coidado coas frases nas que xuntan as palabras.
- Dado un texto subliñar noutro similar as palabras que sexan diferentes.
- Ordenar sílabas para formar palabras.
- Unir cada palabra co seu significado
- Buscar as diferencias en dous debuxos
- Realización de sopas de letras.
- Resolver encrucillados.

Proxecto de activación de la intelixencia

Obxectivos:

- No campo Cognitivo:

Desenvolver habilidades de percepción, atención e memoria

traballar a percepción de espacio e tempo

desenvolver habilidades de expresión e captación da beleza artística

- No campo afectivo:

Aprender a vivir xuntos.

Enfrontar os conflitos con espírito de diálogo e paz.

Buscar a verdade o gusto polo saber

Desenrolar as relacións interpersoais, a solidariedade, a comprensión.

- No campo motor:

Decidir estratexias e aplicar procedementos.

Aprender a aprender que cada neno poida desenrolar os seus propios proxectos.

Procurar que os nenos descubran o pracer de indagar e pensar.

Desenvolver aptitudes de competencia de “en son de paz”.

Actividades:

- Buscar palabras que cambien de sentido movendo unha ou dúas letras.
- Relacionar figuras dispostas en dúas filas para formar unha figura dada.
- Dando un plano con varias figuras superpostas ordenalas según a orde de posición.
- Relacionar os elementos que intercambiaron varias personaxes.
- Repetir os xestos que fai o que dirixa o xogo, previa orde de execución.
- Observar previamente unha lámina, para despois completar un texto que recolla información e aspectos da lámina observada.
- Invitar os nenos a sacar conclusións a partir de feitos observados.
- Adiviñar que tempo fai pola roupa que visten as personaxes.
- Completar un debuxo seguindo a simetría.
- Escribir en que situacións pode ser adecuado, inadecuado ou indiferente facer algo proposto.
- Seguir o camiño adecuado para chegar a unha meta.
- Observar unha situación representada nun debuxo, comentala cos compañeiros. Preguntarse por qué sucedeu, propoñer situacións.
- Ler un pequeno texto. buscarlle título, comentalo e facer un debuxo.

AVALIACIÓN

Obxectivos

- Coñece-las características individuais dos alumnos a nivel persoal, familiar e socioambiental nos tres aspectos:
 - Físico
 - Psicolóxico
 - Pedagóxico
- Continuar coa observación sistemática das conductas manifestadas polo alumno nos ciclos anteriores.

Actividades

- Coñece-las características persoais de cada alumno a través da revisión do seu expediente persoal cumprimentado polos titores anteriores.
- Coordinarse e intercambiar información cos profesores dos niveis anteriores.
- Observación sistemática nas diferentes actividades con cuestionarios, escalas, rexistros de observación...
- Engadir información á carpeta expediente iniciado na educación infantil e ciclo inicial de primaria, tanto a nivel escolar como familiar e persoal.
- Aportar ó finaliza-lo curso un consello orientador globalizado de cada neno que se facilitará ó titor do curso seguinte (a ser posible tamén se lle entregará ós pais).
- Realizar avaliacións de aptitudes básicas para a aprendizaxe ó empeza-lo ciclo e ó rematalo.

TOLERANCIA E CONVIVENCIA NO CENTRO

Obxectivos

- Adquirir unha conducta social de cortesía
- Que os nenos sexan capaces de perdoar, pedir e conceder favores, desculpas,...
- Desenrolar conductas cooperativas en diferentes situacións
- Que os alumnos sexan capaces de aceptar críticas xustas e rexeitar as inxustas.
- Que os alumnos sexan capaces de expresar os seus sentimentos, emocións e preocupacións, permitindo que lle axuden a reducir a súa ansiedade.
- Que os nenos sexan capaces de respetar unha orde de intervención e actuar cando corresponde.
- Que os nenos pregunten as cousas de forma respectuosa e ordenada.
- Fomentar a comunicación e o diálogo
- Estimular a súa integración grupal
- Favorecer a afirmación das persoas
- Favorecer o autoconhecimento
- Desenvolver o coñecemento dos gustos e valores dos membros do grupo
- Contrastar opinións
- Explorar a autoestima e as respostas do grupo
- Crear un ambiente distendido

Actividades

O criterio de clasificación polo que optamos é o do afondamento paulatino na vertebración cooperativa do grupo, comezando ineludiblemente polos xogos de presentación e coñecemento, como paso previo ao desenvolvemento de outras actitudes e destrezas comunicativas.

As actividades están referidas os seguintes campos:

1. Xogos de presentación: serven fundamentalmente para coñecer os nomes dos membros do grupo e a creación dun ambiente de distensión. Son xogos propios para abrir unha xuntanza de persoas que non se coñecen. Como por exemplo:
 - pícame
 - nome e acción
 - arañeira
2. Xogos de coñecemento: pretenden adentrarse no coñecemento das persoas do grupo, no grupo como tal e nas relacións que cada un mantén con ambas as instancias. Como por exemplo:
 - o túnel do tempo
 - compañeiro
 - autobiografía
 - o meu mundo frases incompletas
 - se eu fose presidente

3. Xogos de afirmación: teñen por obxectivo afirmar positivamente a cada membro e ao propio grupo. Provocar un autoconceito positivo e valorar as calidades de cada persoa. Como por exemplo:
 - autorretrato
 - siluetas
 - círculo de aplausos
 - frases afirmativas
 - a roda da tarde
4. xogos de confianza: intimamente ligado os anteriores, buscan o desenvolvemento da confianza nos membros do grupo e no propio grupo
 - Trens cegos
 - Nariz a nariz
 - Encontros
 - En busca do oasis
 - Pío,pío
 - A botella
5. Xogos de comunicación: enfatizan as estratexias cooperativas para a execución do xogo, cuestionando a competitividade. Asentados no pleno desenvolvemento da comunicación, desenvolven o apego e formación de condutas prosociais baseadas precisamente na reciprocidade e na cooperación.como por exemplo:
 - burbullas musicais
 - o baile dos dedos
 - que represento?
 - Libro máxico
 - Espellos xogos de contrarios
 - Afirmacións en grupo
 - Barómetro de valores
6. Xogos de distensión: como quedou dito, este tipo de xogo pode ser utilizado en calquera momento e con distinta finalidade. A súa función principal é provocar a risa e crear un ambiente distendido. Como por exemplo:
 - palabras cooperativas
 - troncos rodantes
 - en busca da meiga perdida
 - a rocha
 - refuxio nuclear
 - coidadosamente
 - contos dunha palabra
 - o baile dos globos

PROFESORES

Obxectivos

- Coordina-lo proceso avaliador desenvolvido polos profesores do seu grupo – clase, así como, uni-la información acerca de cada neno que posúan os profesores.
- Manter unha liña común de acción no marco do P.A.T.
- Coordinación co equipo docente nas respostas ás dificultades de aprendizaxe mediante reforzos educativos, adaptacións curriculares ou diversificacións curriculares.

Actividades

- Reunións do titor co equipo directivo para:
- Comentar informacións.
- Entrega dos resultados.
- Análise dos mesmos.
- Adecua-los recursos educativos socioculturais ás características individuais dos alumnos.
- Reunións cos demais profesores da aula para:
- Comenta-las informacións e profundar para valora-las dificultades de cada alumno e buscar solución.
- Fixa-los criterios de avaliación.
- Unir criterios sobre obxectivos, actividades e materiais.
- Redactar informes para os profesores do curso seguinte.
- Elaborar, revisar e modificar en coordinación co equipo directivo de nivel, ciclo e centro o P.A.T.
- Colaborar cos demais profesores na revisión e modificación dos obxectivos, actividades, avaliación e metodoloxía de tódalas materias que están establecidas no P.C.C. do centro.
- Transmitir ó resto dos profesores aquela información que lle pode ser útil para o desenvolvemento do seu labor.
- Coordinar e moderar, xunto co xefe de estudos, as sesións de avaliación.

PAIS

Obxectivos

- Contribuír ó establecemento dunhas relación fluídas cos pais, nais, titores facilitando a conexión familia – centro.
- Implicar á familia en actividades de apoio e orientación dos seus fillos.
- Informar, asesorar e orientar ós pais en todos aqueles asuntos que afecten á educación dos seus fillos.

Actividades

- Reunións periódicas:
- Entrevistas individuais a petición do titor ou dos pais.
- Intercambio de información.
- Explicación da programación.
- Informar sobre o proceso de avaliación e comenta-los resultados.
- Organización persoal do traballo do seu fillo, tempo libre e descanso.
- Colaboración en actividades extraescolares:
- Visitas planificadas
- Excursións
- Festexos
- Coordinar grupos de discusión sobre temas formativos de interese para os seus fillos.
- Realizar unha reunión grupal por trimestre.

3.2 EDUCACIÓN PRIMARIA 3º ciclo

ALUMNOS

INTEGRACIÓN.

Plan de acollida

Obxectivos

- Acoller ós alumnos e favorece-la súa integración no grupo.
- Repartir responsabilidades dentro do grupo.
- Crear unha dinámica de clase que favoreza o intercambio de papeis e extrapolalo ó ámbito familiar.
- Desenvolver un PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS, que facilite a súa adaptación persoal, social e académica, tanto actual como futura.

Actividades

- Presentación do profesor titor a tódolos alumnos.
- Presentación de cada alumno en gran grupo.
- Presentación dos demais profesores e persoal auxiliar.
- Informar do regulamento de réxime interno, axudándonos de murais e carteis que indiquen normas básicas a seguir no centro.
- Elección dun delegado responsable da clase de carácter rotatorio (diario, semanal...), de forma que tódolos nenos sexan responsables.
- Realización dun “Sociograma”.
- Actividades de grupo flexibles.
- Participación en actividades deportivas grupais dentro e fóra do colexio.
- Desenvolver un programa de habilidades sociais.

Integración de inmigrantes

Obxectivos

- Proporcione o alumno que acaba de chegar unhas pautas de traballo e unhas normas de convivencia e comportamento, aínda que as vaia incorporando pouco a pouco.
- Dar a coñecer os espazos da aula e os de uso común do centro.
- Facer que o grupo clase sexa o lugar prioritario para a súa integración social e afectiva, ao tempo que todos se enriquecen cos valores persoais e culturais do novo compañeiro/a.
- Buscar a comunicación dende o primeiro momento, dirixíndonos a eles con mensaxes claros e contextuais, axudándonos de gráficos, imaxes ou algún xesto.
- Preparar o grupo clase falándolle do novo compañeiro/a, explicando a súa orixe, nacionalidade e estimulando a acollelo dun xeito o mais positivo posible.

Actividades

- Informar sobre o país ou países de procedencia do alumnado inmigrante: costumes, relixión, cultura.
- Utilizar na aula algunhas referencias da lingua de orixe estranxeira, como son os saúdos, as despedidas, expresións e frases feitas.
- Programar charlas na aula.
- Ver e comentar cintas de vidro relacionadas cos países de orixe.
- Ver a situación xeográfica.

HÁBITOS DE TRABAJO E TÉCNICAS DE ESTUDIO

Obxectivos

- Adquisición e mellora dos hábitos de estudio.
- Establecer un horario de estudio.
- Coñecer técnicas de resume, esquema, subliñado.
- Perfecciona-la lectura comprensiva.
- Ler libros na casa. (Non só os de texto).
- Manexar perfectamente o diccionario.
- Usa-la biblioteca do centro e da cidade.
- Saber buscar información na prensa e noutros medios de comunicación.
- Saber elaborar murais.
- Elaborar narracións, descrições e composicións.
- Colaborar en actividades grupais: exposición oral, diálogo, debate, etc.

Actividades

- Sentarse correctamente.
- Traballar con grupos flexibles.
- Respetar quenda
- de palabra nas actividades grupais.
- Ler libros na casa.
- Traballa-lo método de “lectura eficaz”.
- Facer na clase actividades de manipulación do diccionario.
- Facer traballos de localización de libros na biblioteca.
- Resumir textos orais e escritos.
- Facer esquemas de chaves ou frechas.
- Comezar a tomar apuntes ó dictado.
- Facer gráficos de barras.
- Recorrer á prensa e ós medios de comunicación para buscar información.
- Facer enquisas.
- Confeccionar murais.
- Facer narracións, composicións e descrições.
- Realizar debates.
- Expoñer oralmente algún traballo ante o grupo.

Lectura Eficaz

Obxectivos

- Comprender diferentes tipos de mensaxes escritos, de acordo con las necesidades da súa idade, relacionandoos coas súas experiencias e aplicándoos os novos procesos de aprendizaxe.
- Coñecer e diferenciar as linguaxes e os soportes dos diferentes medios de comunicación, razoando a súa importancia na configuración das preferencias e das opinións persoais.
- Aumentar a rapidez lectora en función dos distintos tipos de lectura: en voz alta ou cuchicheando.
- Comprender o significado de distintos textos en función do tipo de lectura empregado.
- Adquirir hábitos de comportamento ante o estudio.

Actividades

- Para mellorar a lectura
- Para mellorar a atención, concentración e habilidade visual
- vocabulario e a ortografía
- A sintaxes e o estilo
- Para exercitar a memoria
- Para desenrolar a comprensión
- Pasatempos
- Lectura en voz alta

Proxecto de Activación de la Intelixencia

Obxectivos

- Traballar as aptitudes e as habilidades constitutivas da aprendizaxe: percepción, memoria, pensamento, estruturación espacial, vivencia do tempo, coordinación rítmica, linguaxe, expresión artística, expresión matemática, coñecemento dun mesmo,...)
- Traballar unha metodoloxía que potencie unha mellor autoaprendizaxe.

Actividades

- Realización de series que traballen:

a percepción

a atención

a memoria

a estruturación espacial

a psicomotricidade específica

o pensamento

a linguaxe

a expresión matemática

o coñecemento dun mesmo

AVALIACIÓN

Obxectivos

- Coñece-lo desenvolvemento das capacidades (aptitudes, habilidades e destrezas) de cada alumno.
- Coñece-las características persoais de cada alumno/a mediante a revisión do seu expediente persoal cuberto polos titores anteriores.
- Aportar a fin de curso un CONSELLO ORIENTADOR globalizado de cada alumno/a que se debería facilitar ó titor/a do ciclo seguinte (E.S.O.).
- Evitar comparacións entre os resultados obtidos por diferentes alumnos.

Actividades

- Realizar avaliacións de aptitudes básicas para a aprendizaxe ó inicio do ciclo e ó fin do mesmo.
- Observar ós alumnos en diferentes actividades, levando anotacións en rexistros de observación.
- Engadir información á carpeta expediente iniciada en educación infantil, ciclo inicial e ciclo medio.
- Realizar entrevistas individuais cos alumnos, ó menos unha por trimestre, para dialogar con eles, ve-los seus intereses, circunstancias persoais, historia persoal.
- Utilizar cuestionarios, inventarios e escalas que nos aporten información individual sobre os puntos anteriores e que van ser facilitadores da intervención posterior.

TOLERANCIA E CONVIVENCIA NO CENTRO

Para traballar este obxectivo no 3º ciclo de Educación Primaria vaise levar a cabo a través duns obradoiros referidos a teatro, música, plástica, revista escolar e coidado do contorno.

Obxectivos xerais

- Favorece-la formación integral do neno/a.
- Desenvolar o seu potencial creativo e de aprendizaxe.
- Elaborar un proxecto integrado na programación do curso.

► **Obradoiro de plástica**

►► Obxectivos

- Realizar producións artísticas de forma cooperativa.
- Explorar materiais e instrumentos diversos para coñecer as súas posibilidades e a súa utilización.
- Utilizar a linguaxe plástica como medio de comunicación.
- Axudar a coñecer e utilizar distintos materiais para a elaboración de decorados para obras de teatro.

▶▶ Actividades

- ▶▶ Utilización de recursos do contorno para a elaboración de murais, postais...
- ▶▶ Elaboración de traballos relativos ás conmemoracións que se celebren ao longo do curso.
- ▶▶ Elaboración da portada e contraportada da revista escolar.
- ▶▶ Realización de decorados e vestuario de teatro en colaboración co obradoiro.

▶ **Obradoiro de teatro**

▶▶ Obxectivos

- ▶▶ Estimular, favorecer e potenciar o placer pola lectura e a expresión oral.
- ▶▶ Favorecer os diferentes medios de expresión, linguaxe verbal, música, coñecemento corporal, produción plástica...
- ▶▶ Favorecer as relacións persoais con compañeiros e adultos.
- ▶▶ Participar na planificación e realización de actividades grupais.

▶▶ Actividades

- ▶▶ Elaboración de xogos de expresión dramática no que participen todos os alumnos do obradoiro.
- ▶▶ Utilización da música e da plástica como medio de expresión auxiliar ou teatro.
- ▶▶ Creación dun espectáculo colectivo no que colaboren outros obradoiros.
- ▶▶ Desenvolver a imaxinación dos alumnos a través da construción de pequenas obras de teatro elaboradas por eles mesmos.

▶ **Obradoiro de música**

▶▶ Obxectivos

- ▶▶ Estimular, favorecer e potencia-lo pracer pola música.
- ▶▶ Favorece-la expresión a través da música.
- ▶▶ Estimula- lo espírito crítico.
- ▶▶ Favorece-las relacións persoais entre os compañeiros.
- ▶▶ Participar na planificación e realización de actividades grupais.
- ▶▶ Enriquece-lo vocabulario memorizando cancións.
- ▶▶ Entoar as cancións propostas.
- ▶▶ Interpretar cancións coa fruta e con instrumentos Orff.

▶▶ Actividades

- ▶▶ A música como medio de expresión.
- ▶▶ Emisión da voz: respiración, articulación, resonancia, entoación.
- ▶▶ A canción.
- ▶▶ A expresión vocal e o canto.
- ▶▶ Elementos constitutivos do son: altura, timbre, intensidade, duración.
- ▶▶ A canción en interacción coa lingua.

- ▶▶ Instrumentos musicais escolares.
- ▶▶ Técnica instrumental na frauta.
- ▶▶ Creación dun espectáculo colectivo.

▶ Obradoiro de revista escolar

▶▶ Obxectivos

- ▶▶ Coñecer os compoñentes principais das noticias e dun xornal (ou revista)
- ▶▶ Interese polos feitos relevantes que ocorren no mundo.
- ▶▶ Familiarizarse coa linguaxe periodística
- ▶▶ Reforzar a consecución dos obxectivos da área de Lingua referentes a expresión oral e escrita, comprensión lectora, síntese de textos, ortografía,...
- ▶▶ Introducción no uso das novas tecnoloxías.
- ▶▶ Intercambiar puntos de vista con respecto ós diferentes temas
- ▶▶ Aprender a traballar en equipo.

▶▶ Actividades

- ▶▶ Presentación dunha estrutura tipo dun revista ou xornal.
- ▶▶ Presentación e elaboración dunha mini guía de linguaxe periodística sobre o proceso de traballo:
 - Toma de decisión
 - Elección de temas
 - Traballo de búsqueda
 - Recopilación
 - Elaboración
- ▶▶ Torbellino de ideas para decidir o aspecto da nosa revista ▶ posta en común e toma de decisións: temas de interés, seccións...:
 - Editorial ▶ Noticias actuales
 - Entrevistas
 - Dibujante para portada e contraportada
 - Ocio e Pasatempos:, cine, humor, chistes, xogos, gastronomía.
 - Deportes
 - Local/ escolar
- ▶▶ Título e diagramación: tipo de letra, formato, número de páxinas, ilustracións...
- ▶▶ Reparto de responsabilidades por equipos:
 - Xefe de información
 - Reporteros
 - Correctores
 - Ilustradores
 - Artistas Gráficas

Elaboración das noticias (tendo en conta as actividades extraescolares realizadas no centro: magosto, Nadal, etc...)

ORIENTACIÓN:

Obxectivos:

- Contribuír ó desenvolvemento da “Orientación Escolar” que debe desenvolverse ó final deste ciclo, para promocionar nas mellores condicións ó ensino secundario.
- Profundar na información dos cambios que se están a producir no seu corpo, tanto a nivel funcional como morfolóxico, favorecendo o diálogo e a comunicación.
- Desenvolver programas de reforzamento e desenvolvemento.
- Usa-la técnica da “Asemblea” para desenvolve-la sociabilidade, así como a integración, introducindoos así noutras técnicas de dinámica de grupos que se desenvolverán no ensino secundario.
- Profundar no desenvolvemento do coñecemento corporal de forma máis específica que en ciclos anteriores.
- Facilitar e incentiva-lo autocontrol persoal.
- Desenvolve-lo programa de orientación vocacional: toma de decisión.

Actividades:

- Aplicar programas de reforzamento e desenvolvemento.
- Aplica-la técnica da ASEMBLEA.
- Realizar dramatizacións con diálogo crítico sobre roles educativos.
- Usar técnicas de dinámica grupal para a análise de situacións que favorezan a convivencia.
- Facer traballos monográficos sobre: consumo, saúde, enfermidade, hixiene, medicina preventiva...
- Desenvolve-la autonomía progresiva mediante o reparto de traballos na aula.
- Dialogar e informar sobre os cambios propios desta idade.

PROFESORES

Obxectivos

- Coñecer e contribuír ó desenvolvemento das capacidades (aptitudes, habilidades e destrezas) de cada alumno/a (xa que esta vai a se-la súa última oportunidade para elimina-lo seu atraso escolar).
- Coñece-las características persoais de cada alumno/a mediante a revisión do seu expediente persoal (non só académico senón tamén psicolóxico e pedagóxico) cuberto polos titores anteriores.
- Coordinarse e intercambiar información cos profesores dos niveis anteriores se isto é posible.
- Coordina-lo proceso avaliador desenvolvido polos profesores do seu grupo –clase.
- Coordinarse co equipo docente nas respostas ás dificultades de aprendizaxe mediante reforzos educativos, adaptacións curriculares ou diversificacións curriculares.

Actividades

- Recollida de información a través de: observación directa na aula, cuestionario inicial, probas de nivel, entrevistas cos pais, revisión do expediente do ano anterior.
- Reunión co equipo directivo para: comenta-la información, entrega dos resultados, análise dos mesmos, adecuación dos recursos educativos socioculturais ás características individuais dos alumnos.
- Reunión cos demais profesores de aula para: comenta-la información, valorala, fixa-los criterios de avaliación, unir criterios sobre obxectivos, actividades e materiais.
- Redactar informes para os profesores do curso seguinte.
- Reunirse para elaborar, revisar e modifica-lo P.A.T.
- Colaborar cos demais profesores na revisión e modificación dos obxectivos, actividades, avaliación e metodoloxía... en tódalas materias que están establecidas no P.C.C. do centro.

PAIS

Obxectivos

- Procurar información ós pais para que entendan os cambios que se están producindo nos seus fillos, facendo fincapé neste momento evolutivo base para o seu desenvolvemento posterior como ser humano adulto.
- Traballar cos pais para que sexan conscientes das dificultades ou facilidades que teñen os seus fillos/as, para que teñan elementos de xuízo para indicar ós seus fillos/as onde deben ir unha vez finalizada a ensinanza obrigatoria.
- Informar ós pais en todos aqueles asuntos que afecten á educación dos seus fillos.
- Implicar á familia en actividades de apoio e orientación dos seus fillos.
- Facilita-la conexión familia – centro.

Actividades

- Realizar reunións explicativas ó longo do curso (cando menos unha de ciclo por trimestre, outra de nivel e unha ou dúas de curso/titoría), coas seguintes finalidades:
- Explica-los obxectivos educativos básicos de cada curso a nivel de hábitos, habilidades, coñecementos.
- Insistir na importancia da comunicación familia/titor/ profesores, respecto ó rendemento escolar e ó comportamento.
- Comunicar ós pais as limitacións ou deficiencias encontradas nos seus fillos para desenvolve-lo apoio necesario.
- Colaboración en actividades extraescolares, excursións, festexos.
- Informar sobre o proceso de avaliación e comenta-los resultados.

4- AVALIACIÓN DA TITORÍA

Non se debe caer no erro de avaliar persoas, senón que o que se teñen que avaliar son os obxectivos previamente programados.

A avaliación será realizada polo xefe de estudos coa colaboración de tódolos titores e o apoio técnico do departamento de orientación.

No 2º e 3º ciclo de educación primaria tamén poden participa-los alumnos aportando conclusións, anque dirixidos polo equipo docente.

Metodoloxía da avaliación

Para o xefe de estudos e departamento de orientación.

- Unha reunión trimestral de avaliación por ciclo.

A finalidade é:

Revisión de obxectivos mínimos programados.

Elaboración de conclusións pertinentes.

Posibles cambios a introducir se así se determinase.

Para a dirección.

- xefe de estudos en contacto con cada titor analizará as dificultades encontradas no desenvolvemento do seu labor titorial (obxectivos, contidos, tempos, horarios, apoios...).

Para os alumnos.

- Enquisa guiada, pasada por un profesor que non sexa o titor, valorando os obxectivos, metodoloxía e desenvolvemento.
- Posta en común dos resultados e elaboración de conclusións para elevar un informe ó xefe de estudos e ó departamento de orientación.